

Non sei que pensar. É algo tan doce, tan raro... algo que non me deixa durmir, que me fai vivir unha situación tan inqueda que pode chegar a ocupar todos os meus soños. Ese algo, que nace do vento sen sequera chegar a rozar o seu nome a miña boca, algo que se apodera de min, dos meus pensamentos, do meu corazón... É unha sensación diferente, na que, ata agora, non me atopara metida. Recordo o teu sorriso, tan sincero coma amargo, facendo que a miña tristeza se convertise en felicidade en tan só un segundo; recordo o tacto da túa man ao agarrarme, estaba fría, pero á vez, transmitía esa sensación de calor que fixo que un calafrío recorrese o meu corpo; esa mirada, que se atopaba perdida nun mundo de sensacións, unha mirada que buscaba dicirme algo, pero que eu non cheguei a descifrar ao verme enfeitizada pola luz que desprendían as túas pupilas, luz que aínda agora segue brillando na miña mente coma se dunha parte da miña vida se tratase, luz que me ilumina, pero que á vez me cega, e me fai reflexionar atadubidar da miña cordura. É algo diferente, algo novo para min, unha sensación que ninguén sentiu, tan coñecida pero á vez ignorada polos demais, sensación que pode cambiar a unha persoa, que a fai dubidar, berrar, saltar... Como chegar a poder dicir o que sinto, se ninguén aínda o descubriu? Como recoñecer esa sensación entre tantas outras? Como expresar o descoñecido, sen atopar palabras que o poidan igualar?

É dime... Como podo desprenderme da túa boca, da túa mirada, do teu tacto...? Como facelo sen morrer na auguria? Non sei se estou no certo, pero penso que non podo seguir vivindo pensando que non teño os teus beizos ao meu carón, pensando que os teus ollos só iluminan a miña mente, e que o teu tacto non voverá a rozar a miña pel. Preciso de ti, da túa presenza ao meu carón, preciso do teu amor, pero ninguén coñece a razón.